

SANTIAGO 12 de xuño do 2004

«Buscamos máis prestacións sanidade pública galega»



na

El cronómetro | Juan Manuel Lameiro

Este veciño de Vilagarcía xestiona nas últimas semanas en Compostela a legalización dunha asociación para doentes dun mal moi penoso

Esta entidade tentará informar, dar apoio e exercer presión perante as administracións na procura dunha mellor asistencia: «Buscamos máis **prestacións** na sanidade pública galega, porque agora a situación é moi diferente e hai casos sen un tratamento axeitado. Queremos ter as mesmas oportunidades que os afectados en países como Alemaña», afirma Juan Manuel.

-É unha doenza **progresiva e discapacitante**, que consiste nunha inchazón **crónica** nunha ou en varias partes do corpo. De non haber un bo tratamento médico as consecuencias poden ser desastrosas e **irreversibles**, con desfiguracións tremendas, casos de elefantiasis e, o peor de todo: tumores malignos en membros afectados por linfedema crónico. Unha parte mínima dos casos son **conxénitos**; o resto poden ter como causa unha operación, sobre todo dun tumor de mama, un melanoma ou na rexión pélvica; tratamentos de radioterapia, un accidente, unha parálise dun membro, ou unha insuficiencia venosa crónica, entre outras.

-*¿Son moitos os afectados?* -Descoñecemos que haxa estudos galegos, mesmo en España. No entanto, se aplicamos o resultado de investigacións internacionais, calculamos que pode haber uns 54.000 casos nunha poboación como a galega.

-*¿Que buscan mellorar na asistencia que presta a sanidade galega?* - Queremos que aquí haxa especialistas en linfodrenaxe e noutras técnicas que axuden aos afectados, sobre todo aos máis novos, pois hai algúns que teñen que ir fóra para se tratar das dores e problemas deste mal.